



Estimados compañeiros e compañeiras:

Pasamos a comentarvos varios asuntos, de moi diversa índole, que consideramos de interese.

### **FUNCIONAMENTO COLEXIAL**

Dende o pasado día 22 de xuño xa vos podemos atender, **presencialmente, en horario de verán**, de 09:00 a 14:00 (atención ao público, **previa cita**).

Pese a recuperar o horario de atención presencial, **seguiremos a dar prioridade a toda a tramitación telemática**.

Como estaba previsto, a mudanza da antiga sede de Barrié de la Maza, á nova en **Ronda de Outeiro nº 8, 1ºC-D**, levouse a cabo o pasado luns 22, pero estamos a ter problemas coa “migración” da telefonía. Pedímosvos desculpas se isto vos supón algún atranco, tamén nos estamos interesados en solucionar todos os atrancos á maior brevidade.

O “protocolo de restablecemento da actividade presencial” xa está plenamente en vigor e o melloraremos si o vemos necesario.

### **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO 1º SEMESTRE**

Toda esta situación, deu lugar entre outras cuestións á prórroga de determinados prazos para entidades como a nosa.

Un destes é o de aprobación de contas... Atopámonos case “todos” igual, e coa carga de traballo extra que tiveron as asesorías (novidades fiscais, ERTes, etc...) e co período do IRPF para rematar, no noso caso, temos as contas para a súa revisión na Asesoría, aínda.

Tan pronto como teñamos o seu OK, as aprobaremos en Xunta de Goberno para sometelas logo á Asemblea.

Na comunicación anterior vos informabamos do soporte legal da situación.

### **“NOVA NORMALIDADE”**

Non nos gusta nada o termo, porque por “nova” no é normal, pero xa estamos todos inmersos nela, así que a tódolos niveis procuraremos que a situación sexa o máis parecida á anterior, pero cumprindo coas precaucións sanitarias establecidas.

Durante estes tres meses e medio, tentamos, sei que non o conseguimos de todo, facervos chegar a moita e cambiante información que se xeraba tódolos días e da que hoxe achegamos unha última remesa e algunhas novas axudas da CMR, e darvos a mellor atención posible.

Creo que pese ao extraordinario da situación e das dificultades que con ela sobreviñeron, conseguimos mellorar en algúns aspectos, e neste punto quero agradecerlle o esforzo aos nosos traballadores, desexando ao mesmo tempo que non teñan que volver a facer novos esforzos por este mesmo motivo.

Esperamos vernos o máis axiña posible, na Asemblea (aínda está por concretar data e modo...), tamén para lembrar aos compañeiros e aos nosos familiares e amigos que finaron nestes tempos malhadados.

Mentres tanto... Saúdos, saúde e sorte.

A XUNTA DE GOBERNO.

